




# MONTE ALOIA

Adela Leiro, Mon Daporta  
setembro 2015



O Monte Aloia está situado ao sur da Serra do Galiñeiro e a maior parte da súa superficie pertence ao concello de Tui.

O punto máis alto é o Pico San Xiao.

No Aloia nacen varios pequenos cursos de auga afluentes do Louro, do Miño e do Miñor.

Unha superficie de 746,29 ha deste monte, no concello de Tui, foi declarada Parque Natural, o 4 de decembro de 1978, (o primeiro de Galiza).

Está declarado tamén LIC e Sitio Natural de Interese Nacional (1935).




Vista sobre Tui, Valença e o Val do Miño. Un dos principais atractivos do monte Aloia son as vistas panorámicas.

O Monte Aloia combina valores naturais destacables, como a súa vexetación, constituída por flora autóctona onde se mesturan especies atlánticas e mediterráneas, e algúñas especies endémicas, a que se suman plantacións, ou pés illados, de especies forestais alleas ao entorno que contribúen a aumentar a diversidade (as áreas arboradas cobren o 81% da superficie total do parque e son, na súa maior parte, plantacións forestais realizadas a partir de 1910, promovidas polo enxeñeiro forestal Rafael Areses); fermosas vistas panorámicas sobre amplos tramos do val do Miño, as serras e os vales a un e outro lado da fronteira (o monte de Santa Tegra, as serras da Groba e do Galiñeiro, o val do río Louro, os montes de Budiño e a Paradanta, e as terras e os montes que pechan polo sur o val do Miño no fronteiro Minho portugués) e abundantes restos históricos e etnográficos (muíños, conducións de auga...).

Conserva restos dun poboado prehistórico (castro do alto dos Cubos), e unha muralla ciclópea de 1.250 m de lonxitude que rodea a meseta superior do pico San Xiao. Na zona atopáronse restos arqueolóxicos (machados, muíños de man, cerámica...). Arredor do monte cóntanse varias lendas. As máis coñecidas son a da cama de San Xiao onde non medra a herba, e que as égoas do monte Aloia son fecundadas polo vento.

O monte Aloia é ademais unha importante área recreativa. Pola súa condición de Parque Natural dispón dun Centro de Recepción de Visitantes, onde proporcionan información sobre a área, e itinerarios marcados para poder visitar os puntos máis interesantes. Ademais hai varios miradoiros e unha extensa rede de camiños para paseos e varias áreas de lecer.


Dentro do parque hai trazadas cinco rutas con sinalización que se poden facer separadas ou combinar unhas con outras (os moitos camiños, un bo plano e tempo suficiente, permiten facelo), pero tamén se poden facer camiñadas fóra das rutas ou subir ata o cume e percorrer os distintos miradoiros para gozar das panorámicas de arredor. Desde o Aloia tamén se pode facer a travesía da serra ata o monte Galiñeiro.



Conxunto de muíños no río Tripes, nas abas do Monte Aloia, preto de Frinxo.

Pequena ferverza no rego de Frinxo, ao pé da estrada que sube ao Aloia.





### COMO CHEGAR:

Para achegarnos ao Monte Aloia, podemos facelo desde Tui, saíndo pola estrada de Gondomar atopamos, aproximadamente a 1 km, un cruce á dereita co indicador de Parque Natural do monte Aloia. Desde ahí non hai máis que seguir as indicacións para chegar ao centro de visitantes ou ao aparcamento ao pé da capela e do cume; ou desde a autovía, que deixamos pola saída de Gondomar e coller logo en dirección a Tui, a uns cincocentos metros atopamos, á esquerda, a estrada co indicador do Parque Natural.



Capela de San Xiao, reconstruída no 1713 sobre un templo románico. Ocupa o centro dun grande adro do que parte por unha banda unha escalinata de pedra ata a Fonte do Santo e pola outra, un Vía Crucis que culmina na Gran Cruz (1910).




Muralla ciclópea

Cama do Santo. Chámase cama de san Xiao, porque se asegura que foi sobre esta pedra onde repousou o corpo sen vida deste santo. Quen se deite enriba dela apoiando a cabeza, pode curar as migrañas e as dores nas cervicais. Tamén ten a virtude de favorecer a fertilidade.



Acacias (*Acacia melanoxylon*).

Faia (*Fagus sylvatica*) -3,16 m de perímetro. Atópase na subida ao monte Aloia, á esquerda da estrada, un pouco antes de chegar o Centro de Información.



Piñeiro de Monterrei (*Pinus radiata*) -27 m de altura; 3,80 m de perímetro. Atópase á esquerda da estrada que baixa desde o Aloia a Gondomar.





## 1-REGO DE PEDRA

**Distancia:** uns 3 km

**Dificultade:** media/baixa

**Duración:** 1 hora e media

Unha camiñada para achegarnos e seguir, ao longo de todo o seu percorrido, a canle que conducía a auga desde unha fonte no monte aos depósitos que se atopan por enriba do lugar de Frinxo para dar a volta achegándonos a un dos regueiros que levan a auga ao río Tripes e despois de percorrer a senda botánica volver ao punto de inicio.

### PERCORRIDO:

A ruta comeza no aparcamento do Centro de visitantes, que se atopa uns 250 m detrás do edificio, e seguindo as balizas de sinalización podemos facela sen atrancos. O camiño lévanos primeiro a un resalte desde o que temos panorámicas da zona e logo, volvendo un pouco atrás, collemos un carreiro en baixada, con bastante pendente, que nos conduce ao arranque do rego de pedra (unha mostra do traballo esforzado, preciso e coidadoso, realizado polos veciños para conducir e impedir que se perdera a pouca auga que nacía na fonte e conseguir poñela ao seu servizo e ao das plantas que cultivaban). Seguindo os máis de 600 m da canle, ao longo dos que atoparemos algunhas boas sobreiras e outras árbores autóctonas, chegaremos aos depósitos de almacenamento da auga, onde remata a baixada e a primeira parte da ruta. A volta faise unha parte polo mesmo camiño, remontando a canle ata que collemos un desvío á esquerda, polo que logo se suaviza a pendente, para achegámonos a un regueiro que remontamos durante un anaco, logo cruzámolo e apartámonos del para volver a atopalo no comezo da Senda Botánica. Este tramo, no que hai plantadas árbores de diferentes especies, ten paneis informativos que nos achegan datos sobre o que imos atopando. Remontando a senda chegamos ao aparcamento e rematamos o percorrido.



Sobreira  
(*Quercus  
suber*)



## 2-RUTA CABANA CABACIÑA

**Distancia:** 2 km

**Dificultade:** media baixa

**Duración:** 1 hora

Unha ruta de interese paisaxístico e ambiental.

### PERCORRIDO:

Deixamos o coche no aparcamento que hai á esquerda da estrada 1 km despois de pasar o Centro de Visitantes para facer unha curta ruta circular que comeza cunha subida ao alto da Cabaciña, un pequeno cumo rochoso, desde o que temos panorámicas do lugar e do val do Miño, de alí baixamos a unha chaira herbosa na que habitualmente pasta gando en liberdade (vacas e cabalos) con plantación de piñeiro rubio para, xa de volta, pasar ao pé da fonte do rego das Udencias ao que, despois de cruzar a estrada, acompañaremos ata a poza das Cabanas, un pequeno encoro no que se reten a auga do regato para formar un espazo de acollida e reprodución ás especies de anfibios da zona, onde remata o percorrido. Neste tramo pasaremos ao pé de dous fermosos exemplares de piñeiro de Oregón e outras árbores autóctonas e de plantación entre as que destacan as especies propias das ribeiras.



Pozas da Cabana. Un dos dos regatos encorado e as árbores que o rodean conforman unha das paraxes máis agradables do monte Aloia.



Piñeiro de Oregón (*Pseudotsuga menziesii*)  
Na beira do rego das Udencias.  
-4,30 m de perímetro.



Alciprestes de Lawson  
(*Chamaecyparis lawsoniana*)  
Un grupo de exemplares de bo porte  
ao pé das Pozas das Cabanas.



Vista desde o alto da Cabaciña



Penedos no cumo da Cabaciña





### 3-RUTA DO CASTRO DO ALTO DOS CUBOS

**Distancia:** 4,5 km

**Dificultade:** baixa, con algunhas pendentes

**Duración:** 1 h e media

Unha ruta con boas panorámica que inclúe a visita a un castro.

#### **PERCORRIDO:**

A ruta, comeza e remata en Frinxo. unha vez pasada a capela collemos o primeiro desvío á dereita, en subida, e avanzando por esa pista collemos outravolta o primeiro desvío á dereita e seguimos ese camiño ata un punto no que un indicador nos sinala un desvío á dereita que xa nos leva ao castro e ao resalte que hai un pouco máis adiante, desde onde vemos os lugares que se atopan debaixo e o val do Miño.

Ata aquí levaremos percorridos 1,5 km. Logo podemos volver polo mesmo camiño, e completar a ruta nuns 3 km, ou completar o trazado sinalado collendo á dereita ao volver ao camiño principal para, un pouco máis adiante, baixar unha parte da ladeira, ata as leiras, e volver por outro camiño que discorre por elas, para completar os 4,5 km.

Esta ruta podémola facer independente ou como complemento da do Rego de pedra desde a que é doado enlazar



Castro do Alto dos Cubos



Senda Botánica